

“A lenda da Virxe da Franqueira”

Nun monte da Paradanta apareceu nunha espenuca unha imaxe dunha virxe que estaba agochada no lugar polos veciños, pois tiñan medo de que lla roubasen os mouros. Alí estivo anos e anos, segundo a tradición, ata que unha vella pastora que coidaba o seu gando observou unha luzada das velas que lle puñan as xentes do lugar e, ó se achegar a elas descubriu a imaxe da santiña que alí tiñan agochada.

Daquela xurdiu unha discusión pola propiedade da imaxe entre os veciños de Cuneda e da Franqueira, pois a cova quedaba na división de ámbolos dous lugares... Uns e mailos outros pretendían construír un santuario onde os veciños lle render culto á Virxe. Pero o lugar da descuberta resultaba conflictivo de máis. Para resolver o desencontro decidiron mandar a imaxe nun carro tirado por unha parella de bois. Para non ser beneficiado ningún dos lugares decidiron taparlle os ollos aos bois e deixáronlles camiñar ao seu antollo. Acordando que alí onde parasen as bestas erguerían o templo para honrar a santiña.

Os bois percorreron todo o monte ata que toparon unha saída, “franqueárona” e de alí lle ven o nome da Franqueira. A Virxe da Franqueira tivo así a igrexa primitiva.

Na actualidade os romeiros que acoden á nova igrexa camiñan ata un lugar situado ao pé dunha fonte e nese lugar contan os máis vellos que foi onde os veciños decidiran edificar a primitiva ermida.

“A lenda da Roda dos Rebolos”

Conta unha lenda que un círculo de carballos en Coba, no Cervo Grande, chamado A Roda dos Rebolos, din os máis vellos que na pena do seu centro vive unha fada e que ás veces se aparece e crea ao seu redor unha barreira máxica de xeito que cando alguén se sitúa no seu interior a fada se quere encérralo alí.

Conta a lenda que un cabaleiro fuxía dunha manda de lobos e daquela acertou, ao pasar pola Roda dos Rebolos, e subiu á pena para defenderse mellor, pero os lobos rodearon o círculo sen poder entrar no seu interior. Pero non se achegaban, non por medo ao valor do cabaleiro, senón por unha forza máxica. O cabaleiro colleu unha pedra para espantar a un lobo e entón a pedra rebotou e asustou a todos os lobos. O cabaleiro quedou durmido e mirou unha muller que lle dixo: “Abre e despois pecha”. De súpeto espertou, tirou unha pedra entre dúas árbores e xa non pasou nada. Daquela decidiu seguir o seu camiño...

A lenda dos dous X

Xulia e Xacobo eran unha feliz parella de namorados, que como é de esperar, se querían moito. Todo o día xuntos e sempre a se dicir as típicas parvadas que di un cando está namorado :“es o meu sol”,”daría a miña vida por ti”,”nunca marches do meu lado”... Moitos veciños dicían que eran uns empalagosos e que todo o que soltaban pola boca era mentira. Ora ben, a maioría non tiñan parella e semellaban bastante celosos, por iso non lle daban importancia.

Unha tarde, a parella saíu a dar unha volta polo bosque, o que está preto de aquí, de Outeiro . Eles aínda non o sabían, pero ese repentino paseo íalles arruinar a vida. Por que? Ben, non se sabe moi ben se o que se contou é verdade, pero logo de tres horas fóra, Xulia chegou moi apurada e nerviosa ao pobo. Tiña rabuñaduras por todo o corpo e a súa respiración era axitada. Preguntámoslle que ocorrera e dixo algo que non tiña nin pés nin cabeza.

O primeiro que dixo foi que a Xacobo o tragan as silvas e, obviamente, a xente tomouna por tola. Ela, desesperada, intentou explicarse mellor e continuou falando. Dixo que caíra nun gran burato cheo de espiñas e que non era capaz de sacalo. A xente, preocupada, correu onde Xulia dixera para intentar axudar a Xacobo pero cando chegaron... o home xa non estaba. Efectivamente, o burato cheo de espiñas encontrábase aí pero non se atopaba ninguén dentro.

Todo o pobo axudou a Xulia a intentar encontralo polos arredores do bosque pero foi inútil. Por moitos días que pasaron o rapaz non apareceu. Isto fixo que Xulia caese en depresión. Todas as noites se achegaba ao lugar do sinistro e choraba desesperada, ás veces,ata espertaba alí! Isto cesou o día en que ela decidiu lanzarse ao temido burato para reencontrarse co seu amado.

A noticia estendeuse rapidamente polo pobo e tamén polos arredores, polo que houbo moito medo a ir ao bosque. Mais, na actualidade, a xente deixou de crer que isto pasara... pero son poucos os que se achegan ao burato.

As covas de Dona Urraca

As covas de Dona Urraca son un dos lugares arquitectónicos máis fermosos e chamativos do Condado. Ten unha escaleira dobre de caracol única en toda Galicia. Conta a lenda que antigamente no soto desta construción existía, segundo o lugar, un túnel que atravesaba debaixo o río Miño e alcanzaba a beira portuguesa.

Dona Urraca empregaba este túnel para as súas correrías amorosas e tamén políticas. Hoxe en día só se pode ver un buraco no chan cun cristal por riba e non se pode baixar.

Estas covas pasaron a ser de Dona Urraca no século XI, na Idade Media, cando o seu pai Alfonso VI dividiu o Reino entre as súas fillas. Tamén conta a lenda que todas as persoas que lle fixeron o pasadizo a Dona Urraca foron asasinadas por ela mesma ao remataren a construción; deste xeito ninguén soubo do seu segredo.

A orixe de Caldelas

Din que hai moitos anos aquí había un home moi rico, dono de moitas terras, que tiña tres fillas moi fermosas. Un día chegou aquí un cabaleiro que lle dixo ao pai que quería casar coa súa filla. E o pai preguntoulle:

-Cal delas?

O día da voda, cando a xente lle preguntaba ao cabaleiro onde ía casar el, como non sabía como se chamaba o lugar, díxolles:

-En Caldelas.

Orixe de Fillaboa

Na época de condes e condesas, existía un conde que tiña unha filla. Cando pasaron pola ponte e pararon o carro no que ían, a nena que intentaba mirar o río, tropezou e caeu da ponte. O conde asustado gritoulle a nena, ¡filla, voa!, e de alí saíu o nome da ponte.

Lenda de Fillaboa

Hai centos de anos, cando as persoas se facían vellas, cando se puñan doentes ou xa non servían para traballaren, eran abandonadas si ou si polos seus fillos.

Deixábanos nun monte ben preto da ponte romana, e alí morrían de fame e frío.

Conta a lenda que unha filla levou a seu pai ao monte, despediuse del con bágoas nos ollos e con moita, moita pena.

De camiño para casa non lle marchaba da mente a imaxe de seu pai enfermo, alí tirado no chan; foi daquela que decidiu dar volta e buscalo.

Dende ese día, o pai contáballe a todos os veciños o sucedido, dicíndolles “Que filla boa teño”, “Que filla boa teño”, e por iso que a esa zona é coñecida polo nome de FILLABOA.

Lenda das Ermitas

Isto dise que sucedeu nunha vila de Salvaterra, chamada Ermitas. Cando alguén novo viña vivir alí, os rapaces máis vellos, para burlárense del, dicíanlle que na poza de Laxe había unha especie de aves chamadas biosbardos.

Para capturalos tiñan que pasar toda a noite ao lado da poza cun saco na man, pronunciando “1,2,3,4... biosbardo ao saco!”, así continuamente ata que entrara dentro.

Antigamente, como a fame era moita e a comida era pouca, todos o crían; se non era esa noite, volvían a seguinte. E mentres, ou outros rapaces, a rir deles.

O Corte da Pexa

Ben sabemos que Galiza é terra de meigas, onde a diversidade de lugares que temos por todo o país atopamos lendas e rituais diferentes que nos transmitiron a maxia.

Conta meu pai que unha tía da miña avoa que aínda hoxe vive, facía diferentes rituais segundo as necesidades ou problemas que tiñan os veciños. Un destes ritos é o de cortar a pezoña, algo moi estendido na nosa terra, pero o que máis o impresionou foi o chamado “Corte da Pexa”.

Os cativos que en idade de daren os primeiros pasos eran incapaces de facelo, os seus pais encomendábano á tía da miña avoa. O ritual consistía en ir a unha encrucillada de camiños onde, cunha machada pequena, golpeaba nas estradas que formaban a a encrucillada ao tempo que dicía uns esconxuros que ninguén lembra moi ben. Isto cumpría facelo a media noite e en presenza do cativo.

Ao cabo duns poucos días, o cativo ou cativa comezaban a andar sen problema ningún.

Ponte Cordeiro

Segundo lle contou meu bisavó a meu avó, esta é a orixe de como se fixo a que hoxe todos coñecemos en salvaterra como a Ponte do Cordeiro.

Por esa zona había un muíño de millo que un veciño usaba todos os días. Tiña que atravesar o río para chegar ao muíño, e sempre ía ben cargadiño de sacos.

Como o home xa ía vello un día caeu e afogou. Os veciños, na súa honra, fixeron un pequeno muro de pedras para chegaren ao muíño, ao que lle chamaron “ponte”.

Hoxe en día o muíño non existe polas enchentes do río que o arrastrou, e a “ponte” aínda se pode ver cando leva pouca auga.

Alí mesmo, anos máis tarde, construíron a ponte que hoxe todo o mundo atravesa para chegar a Salvaterra.

SAN MAURO

Din os vellos que na capela de San Mauro, na parroquia de Porto, fai uns cantos anos atrás dous homes portugueses roubaron o santo, e desde ese acontecemento todos os anos no día que se celebra San Mauro... chove.